

Paseo Literario ...

PARADA 7: VERNE E HEMINGWAY

Casares, admirador confeso da vida e a obra de Ernest Hemingway, e tradutor ao galego da súa novela *O vello e o mar*, reclamou para el un recoñecemento por parte da cidade de Vigo, semellante ao de Verne. Fíxoo lembrando o paso de Hemingway pola nosa cidade no ano 1921.

HEMINGWAY

Desde onte, Ernest Hemingway ten unha placa en Santiago, na fachada do antigo hotel Suízo, onde pasou algunhas tempadas nos veráns de 1927 e 1929. Ese dato, que eu saquei hai anos da súa correspondencia, revela un capítulo inédito na vida do escritor norteamericano, que estaba namorado de Compostela, cidade que consideraba a máis fermosa de España; e da súa catedral, que pensaba que non admitía comparación con ningunha outra no mundo. Froito desta dobre devoción foi a homenaxe que lle quixo render na súa novela *O vello e o mar*, elixindo o nome de Santiago para bautizar con el o mariñeiro inesquecible que o escritor retratou no seu famoso relato. Era unha débeda pendente, pero aínda falta algunha máis.

Aínda quedan Vigo e A Coruña. A primeira das cidades foi a terra que pisou en primeiro lugar cando chegou a España no ano 1921, camiño de París. Nunca antes estivera na península. A impresión que lle causou a vila galega quedou limpamente manifesta nun artigo que publicou uns días despois no Toronto Star, falando da emoción que lle produciron os pescadores da ría.

Á marxe, 7 de outubro de 1999

Carlos Casares

Paseo Literario ...

Nas súas *Vinte mil leguas baixo os mares* Xulio Verne fixo navegar polas augas da ría de Vigo o *Nautilus* do intrépido capitán Nemo. En recordo deste feito, no ano 2005 instalouse aquí, ben preto do mar, esta escultura do escritor, obra do vigués José Molares. Carlos Casares, que sentía debilidade polas novelas de aventuras e polas de Verne en particular, xa reclamara uns anos antes unha homenaxe da nosa cidade para Verne.



UN ESQUECEMENTO

Estes días pasados estiven falando da desmemoria cultural dos suízos. Hoxe vou falar da que nos afecta a nós mesmos. En xeral, aquí dedícanse rúas a personaxes insignificantes que, pasados algúns anos, ninguén sabe quen foron. Son decisións tomadas ás veces co corazón desbordado de emoción, sen esa pausa necesaria e obrigatoria que permitiría facer as cousas con máis sentido. Eu sei un caso, por exemplo, dun señor alcalde que inaugurou unha rúa co seu propio nome. Non era mal home, a pesar de todo.

Hai un exemplo, non obstante, que chama a atención, aínda que polas noticias que teño está a punto de ser corrixido. Como é sabido, na súa novela titulada *Vinte mil leguas baixo os mares*, J. Verne fai pasar por Vigo o *Nautilus*, co capitán Nemo a bordo, onde baixan a ver os galeóns de Rande. Ninguén ten levado por máis sitios nin ao coñecemento de máis xente o nome da cidade galega. É xusto, polo menos, que o escritor ou o capitán ou o barco, os tres xuntos ou por separado, sexan recordados dalgunha maneira.

Á marxe, 11 de decembro de 1997

Carlos Casares